

A ROSALIA



Año XXXIX — Núm. 496

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 370.979

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2033
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2127

Bós Aires, Xullo de 1955

A Nosa Festa Nacional

Os galegos festexamos todos os anos tres grandes Días nacionais: O Día de Galiza —25 de Xullo—; o Capodano do Plebiscito aprol do Estatuto Galego —28 de Xuño— e o Día dos Mártires —17 de Agosto.

A estas patrióticas datas galegas, engadiuse outra —7 de Xaneiro— de gran transcendencia histórica no devir da recuperación política da nación galega: o pasamento á inmortalidade do guieiro Castelao.

As tres derradeiras datas, enroitan unha acción en permanencia de recuperación da personalidade nacional de Galiza, aprol a súa liberdade. De xúbilo patriótico, espranzado nun futuro de liberdade nacional, nas xornadas de eisaición patriótica que deron cumeo no histórico SI do 28 de Xuño do 36. SI, que pouco tempo após, sería esborallado por un trebón asesino que baixando da meseta, verqueu ríos de sangue mártir.

O 7 de Xaneiro, enroita a presenza inocente de Castelao, o patriota e guieiro único do seu povo, o símbolo da Galiza Mártir sedenta de liberdade e xustiza.

O 25 de Xullo, simboliza a proxección universal de Galiza pol-os vieiros da cultura: o camiño estrelado de Sant-Iago que fixo desta cidade e por eistensión de Galiza, un humilde facho de cultura que tanto influen perante séculos, na espiroalidade dos povos de Europa. E por elo que, o 25 de Xullo, non é aniversario de ningún feito de armas, nen tan riquier, dun acontecemento político, que é a Diada de afirmación da presenza histórica e social de Galiza como nación fronte o nemigo secular que tripou a nosa soberanía afundíndonos nunha noite de séculos de escravitude, da cal, xurdíamnos limpos e fortes, atelagados de fé nos autós destinos da Pátria, no senlleiro 28 de Xuño do 36, que o falanxismo epilético — fidel intérprete do imperialismo castelán — adocido de carraxe, fronte o rexurdir nacional dos povos de Iberia, teimou afundirnos nunha nova noite de escravitude. Mais non importa. A proba é dura pero resistiremos. Asesinaron a frola da nosa xuventude mais outra xurdeu pra recoller con barileza e aceso patriotismo, o facho dos nosos mártires.

Persiguen o noso idioma i este rexurde vizoso e fecundo, nas Galizas ideais sementadas con amor e saudade o longo do breve emisferio americano...

Non importa. Esperemos. Nós somos os máis fortes: o porvir está da nosa banda. A fera falanxista há estoupar como estouparon outras que teimaron impor a súa lei pol-o crime, a cadea e a persecución.

Teñámós fé. Manteñámonos fortemente xunguidos no amor a Pátria e a liberdade contra o nemigo que, como no fermoso poema de Rabindhranath Tagore, a enxurrada adocida que fixo saír de nai o pai río, afundeu barcos e matou moita xente; esgazou árbores e asulagou moitas terras, dando a sensación de que todo remataba; mais findado o trebón voltas as augas o seu canle natural, o saír o sol, as homildosas erbiñas dos campos, resistiran a entolecida enxurrada... Así é a Pátria.

Non pasará moito tempo, e a entolecida enxurrada falanxista findará, e o sol da liberdade brillará eispranzante, nos vizosos e ledos eidos da lendaria Terra de Xacobusland, a Pátria dos Canzoeiros e do mestre Mateo, do pai Sarmiento, de Faraldo, de Brañas, de Pondal, Curros e Rosalía, e Castelao... Velaí o significado e proxección do Día de Galiza.

O Sectarismo de "Clarín"

O diario porteño "Clarín" non perde ocasión para demostrar a súa simpatía pola dictadura falanxista que asoballa a nosa Terra. Bombo e plabullo para os embaixadores de falanxe; crónica arripulosas para obras teatrales de persoeiros falanxistas que duran a penas unha semana en cartel; silencio de todo canto pode ir en desmedro do réximen franquista. Os seus lectores non se enteraron que nas festas do quinto centenario da Universidade de Salamanca non se deixou de rendir un homaxe a Unamuno, o seu máis preclaro profesor; non souperon tampouco que en Madrid se puxo en escena a obra "Todo un Hombre" pezo que a censura non deixou poñer o nome do seu autor, o esgrevio Unamuno... En troques pode ler a oito paxadas tan grandes como se unha galia puxo un hovo de cen gramos en se colleitaron un melón de dez kilos.

Agora acaba de ensartarnos unhas crónicas sobor de Marruecos por un dos seus ecléticos redatores, o señor Diego Lucero, que se non estamos mal informados era até fol pouco un

"eximio cronista futbolero". Hai que ver as cousas paveras que di ese señor. Impresionado polo contraste entre a convulsión de Marruecos francés e a tranquilidade de carcel da zona hespañola, afirma nada menos que clo é produto da preocupación falanxista por ir preparando os mouros para rexir os seus propios destinos. O coitadiño parece non darse conta que a convulsión de Marruecos francés é precisamente debida a que nun réximen democrático enegou a unha madurez política e recreana a súa liberdade.

Nos outros non temos a man estadística para comprobar a veracidade das que da o señor Lucero, pero temos dabondo coas cifras que ele da para ver o absurdo das súas afirmacións. Adicalle unha longa parrafada de eloxio o fraquismo pol-a labourea cultural que realizou n-estes derradeiros 13 anos e afirma que funcionan no Protectorado 130 escolas, para casi un millón de mouros, con 66.750 nenos en idade escolar. Como esas 130 escolas teñen un total de 342 clases, (Pasa á páxina 4)

Lamentable Ausencia Neste día de Galiza

Múltiples acertos apunta a labourea que o Centro Galego de Bós Aires ven desenrolando a prol da cultura galega, pero un dos máis significativos —ou ceais o mellor— foi sin dúbida a súa iniciativa de presentixiar as Xornadas Galegas con unha representación do actual movemento cultural galego. Foi deste xeito que en anos pasados vimos entre nós médicos, pensadores, artistas e profesores, que na súa verba acesa de sentimento galego, ademais do seu pensamento profundo, trouxeron até nós o mensaxe directo do povo establecendo ao conxuro do "Día de Galiza" un froitifero intercambio de ideas e pensamentos entre as dúas Galizas: a da Terra e a da Emigración.

Lamentablemente este ano non teremos a sorte de escoitar a ningún representante vido da Terra e eso móvenos a facer algunhas consideracións encol de tan importante tema.

Por enriba de toda outra consideración, por enriba da capacidade e fenome dos visitantes — que ningún pode por en dúbida — debe estar o seu carácter de embaixada da Terra que ven ao seo da Galiza emigrada a espor o seu pensamento, a realidade presente da Terra, e recoller ao mesmo tempo unha visión directa da actividade da Galiza emigrada, dese Galiza que en terras tan lonxáns dos eidos nativos, mantén aceso, en toda a intensidade, o sentimento da Pátria, correxido ceais de falsas visións. O problema non é traer un home que abrales os

ouvirtes coa profundidade do seu pensamento, nin asombrar a Bós Aires con sabios ou eruditos despampanantes. O esencial é traer un home que faga vibrar nos galegos a realidade presente da Terra e capte as realidades da Galiza emigrada; que nos prestixe coa súa presenza e sepa recoller nos ensinios que fagan máis fructifera a súa labourea futura.

Sin saír de Bós Aires ceais poderían acharse homes capaces de pronunciar unha conferencia encol de temas galegos con verbas tan froilidas como as escoltadas deses representantes vidos da Terra, pero os galegos non buscamos atoparnos con un conferenciante que nos encha de verbas, senón sentir que o noso ser vibra de emoción o ver compartidas as nosas inquedanzas por outro galego enxobre que aló na Terra adica os seus desvelos as disciplinas do espírito; ver e sentir que aló en Galiza bule unha xeneración que está a cotío a pensar encol dos problemas da Terra, en espera ansiosa de vela enroitar libremente o seu futuro; vibrar de ledicia ao ver que Galiza non necesita persoeiros prestados para estudar os seus problemas sin interpretar as súas inquedanzas, e que o pensamento galego ten hoxe representantes tan áfios que poden coeardarse cos máis relevantes doutros países.

A Galiza emigrada ten acadado deende fai tempo unha importancia transcendente no noso rexurdir nacional. Elo foi xa recoñecido pol-os

persoeiros de toda Galiza cando o redaltar o Estatuto, no artigo 28o., confiren a Galiza emigrada unha representación no parlamento galego. Cada día que pasa aumenta esa importancia da nosa emigración no rexurdir da patria; o amparo das liberdades consustanciales dos países de América non é soio a acción política, senón tamén a cultural e a artística, que confiren xerarquía e prestixe ao movemento galego da emigración, de xeito que hoxe non se pode falar do rexurdir galego sin mentar os galegos emigrados, que ao igual que o noso povo na noite secular que viveu Galiza, souperon gardar e enaltecer, a traveso do tempo e da distancia, os principios enxebres da nosa nacionalidade.

Para conferir puxanza e cohesión ao movemento político e cultural de Galiza é mester, pois, lograr unha integración do pensamento e da acción das dúas Galizas. Elo vese hoxe dificultado fundamentalmente polo réximen que asoballa a nosa Terra, onde os intelectuais galegos ven contadas as posibilidades de espor o seu pensamento, que fel coasas imposibles un coñecemento e compenetración mútua desas dúas Galizas. Esa integración é fundamental para o futuro da nosa Terra i-en tal senso coidamos que o Centro Galego de Bós Aires, como representante da colectividade máis numerosa e puxante da emigración, debe sentir a responsabilidade do intre histórico que vive o noso povo e contribuir co seu prestixe e autoridade moral a manter o nexo espiritual coa Terra a traveso dos seus homes máis representativos.

A necesidade de facilitar ese coñecemento mútuo é evidente. Nos escoitamos a persoeiros galegos vidos en anos anteriores comentar as fondas ensinanzas outidas do contacto directo cos galegos de Bós Aires. E esa non é unha leria que se nos ocurra a nós, senón unha realidade comprendida por todos os países máis importantes. Cada ano Estados Unidos, Inglaterra, Francia, etc., gastan un montón de millóns para becar a estudantes de outros países para que vaian alí a cursas os estudos secundarios ou universitarios. Non buscan con elo facer un sabio de cada estudante, nin deslambirar co estranxeiro coas súas fealdades, pretenden simplemente que adé unha desas persoas teña ocasión de ver e sentir de perto a ese povo para poder coñecelo no seu carne e interpretar nos seus aitos e na súa seus pensamentos.

Finalidades semellantes persiguen todos os congresos mundiaes que con un ou outro motivo se celebran a cotío Poucas cousas novas poderá aprender un investigador nas xornadas intensas dun congreso científico —poñamos por exemplo—; as conferencias e tesis que escriben nunha sucesión atropellada de contados días ou horas, poderían ser substituídas con ventaxa por publicacións axeladas, pero en troques nada podería reemplazar a ese intercambio de opinións, de ideas e pensamentos que se produce no contacto directo dos distintos investigadores presentes en tal congreso.

Por todas as razóns espostas nós coidamos que esa iniciativa do Centro Galego foi un dos seus meirandes acertos dos derradeiros anos, en que vimos multiplicada a súa acción a prol da nosa cultura e do espallamento do pensamento galego, outendo o máis outo prestixe diante a colectividade, en América, en Galiza i-en Hespaña. E tamén coidamos que os patriotas que na nosa institución máxima souperon encamiñar esa labourea exemprar, saberán interpretar a importancia que reviste este problema para que nos anos vindouros non teñamos de lamentar a ausencia que hoxe comentamos

ROSALIA

O 15 de Xullo, esaitamente as doce do meio día, cumpreose o setenta aniversario do pasamento a inmortalidade de Rosalía Castro.

Ben podemos decir, ao cabo destes setenta anos, que Rosalía achase no cumio da súa gloria — esa gloria que ela con tanta lucidez refugaba. Os valores ecuménicos da súa obra, chántana no ámpito augusto da máis outa creación lírica. A presenza espiroal do poeta inmenso da saudade, da señarade íntima e da dor de Galiza, é agora unha realidade viva e latexante en calquer latitude. En nós, os galegos, ten unha resonancia entrañable: é manda que nos mantén fideles ao noso ser i-a nosa Terra; é a flama perena do sentimento galego que arde a cotío nos nosos corazóns, ao longo de todas as vicistudes.

Rosalía e o gran poeta da dor, mais non d- unha dor negativa, senón a outa creación a- evauacion — evaluar é criar, decía Nietzsche — na cal latexa unha profunda esperanza. A lírica de Rosalía é a expresión d- unha señarade d- entranza, povoada de infinos a dor do seu povo aldraxado e negado. Con ela, Rosalía, compo evaluar os tesouros, até entón descoñecidos, que empechan a paisaxe de Galiza i- alma infinda do seu povo. E, da-

quela, a nosa Terra comenzou a erguer das súas cinzas.

Galiza tiña unha dor anterga que encarnou en Rosalía. Gran visionaria do noso fado, legounos as xeracións vindeiras o preciado herdo da súa escaisa creación: a paixón i-a conciencia d- esa dor, espranzada taboa para salvarnos do naufraxo da escravitude i- eleváronos a vida nobre dos povos estbes e criadores. Fideles a este sagro herdo cairon en Galiza milloiros de mártires, vítimas da barbaría opresora. A paixón i-a conciencia da dor de Galiza, da dor de Rosalía, cobrou maior intensidade e puo, até seren necesidades coas biolóxicas. Sí, fame e sede de liberdade levámonos no peito i- o que oute foi prego medoiñento, trocárase mañán en aito de realidade consumada: a nosa Terra será nosa, contra vento e marea. Entón os cantares de Rosalía, acadarán o seu profundo senso, porque xa seremos diños d- eles. Todo alumeará coma nun día de festa para creación. Por unanimidade proclamárona: Rosalía Raíña e Señora da nosa Galiza, até o fin dos tempos, i- o riso da súa intimidade, perceberémolo na canción da nosa, da súa, paisaxe incomparable. I- un revólido de campás respará no mundo.

GALEGOS:

CONCURRIDE O 17 D'AGOSTO O CENTRO OURENSAN, BELGRANO 2186, ONDE TERÁ LUGAR O AITO DE HOMENAXE OS NÓSOS MARTIRES.

Os Galegos de Bos Aires Conmemoraron a Data do Plebiscito



NO TEATRO AVENIDA ESTA FUNCIONANDO DENDE fai tempo, Romería Española que mais que romería semella unha feira do folklore hespañol.

Derradeiramente, a empresa, "visto y considerando la importancia de la colectividad gallega" — pra efectos de taquilla, naturalmente— orgaizou unha Semana Galega i elo, como non podía sere doutro xeito tratándose de hespañcis, resultou unha verdadeira tranguallada...

Nós pregámolle moi encarecidamente á empresa que nos deixe tranquilos os galegos porque, decididamente, xa non estamos pra eses trotes, máis aínda: o non toleraremos. Os hespañcis cos seus jipios, olés e menecos con ronquios a unha banca; e os galegos cos seus aturuxos e gaitas, a outra. Porque é evidente, evidetísimo, que logo dunha seición de folklore hespañol, un barudo aturuxo supón todo un atentado a esqui. sitez coreográfica do meneo...

E conste que o noso prego á empresa do teatro da popular Avenida de Mayo vai por aquilo de si na mesma, figura un galego (?) —que todo pode ser— valéndonos do dilo de que os galegos estamoche en todas as partes...

O XERALISIMO FRANCO, Caudillo das Hespañias pol-a gracia de Deus, e inda máis, presideu un congreso de sindicatos obreiros, e o referirse á anguriosa situación económica en que vive o obreiro hespañol pol-os míseros salarios de fame, díxolles moi fresco o Caudillísimo, que lles non conviña aumentar os salarios por canto elo supuña ipso facto, un maior encarecemento no custe da vida, o que faría máis mísera a súa eisistencia (?)...

Fíndado o xenial discurso, "o salvador de Hespaña" tendeu o brazo á romana sobor da moitedume de congresistas berrando, ¡Arriba España! E os corifeos falanxistas oubearon adoeidos: ¡Arriba! ¡Arriba España, Una y Grande!

E alí non pasou ren... a fame segue,

O EISCELENTE CORO ferrolán "Toxos e Frores", celebrou con moito brillo o corenta aniversario da súa fundación, e alá se foi o coronel Lobo, presidente de facto do Centro Galego de Madri, a botarlles un parrafeo... E o lobo dixo... Qué dixo o lobo? Dixo, millor dito insinuou un viaxe a América do coro "Toxos e Frores"...

Olo, moito olo co lobo. Non sexa o conto que nos veña de matute disfrazado de corista...

SEGUN NOTIZAS chegadas do imperio, nunha xuntanza do Consello de ministros falanxistas presididos pol-o capo, decideuse trasladar pra as Illas Canarias —será razón de clima?— o simpático moreniño Capitan Xeral de Galiza, Mohamed Ben Mizian, a quen os simpáticos coruñeses chamábanlle cachonda mente o mouro Mixa. No seu lugar, foi desñado o tenente xeral de división Don Carlos Rubio.

O enterárense da noticia os coruñeses, andan preocupados coa teima de onde será o Rubio de marras... Ele será andalús? E non será de Guadalaxara, ou de Logrono, ou de Soria?...

¡Qué lástima! —doense os coruñeses.— Tan ben como lle sentaba os Cantóns a cor e a chilaba do mouro Mixa!...

ENCOL DO MOURO MIXA, cóntase na Terra, que cando foi a Comostela pol-o ano Santo, o penetrar na catedral puxo unha cara fera, que mesmo daba medo. E o achegárase o Apóstolo, disque mantivo con este o seguinte diálogo a meia voz:

—Dime unha cousa: que che fixeron os meus paisanos pra que te adicaras a chuzar neles como si foran teus nemigos?

—¿Eu? — respostoulle o Apóstolo todo estranado — Eu non matei a ninguén e menos a ningún paisano teu...

—¿Que non? E a túa intervención na batalla do Clavixo montado en brioso cabalo branco i espada flamixera na distra a mallar nos meus paisanos?

—Que inocente és hom — díxolle beatificamente o Apóstolo— E' posibel que creas nesa zarapallada do Clavixo? Todo elo, meu vello, sonche cousas deses bárbaros de hespañcis... O'la tí, que sería pavelo verme a mín, a carranchapernas dun cabalo branco e un chuzo acoso na distra estoupando mouros por terras de Castela adiante; eu, meu vello, que nunca che andiven nin en burro, fora alma...

—Quer decir logo?...

—Quer decir, meu bon Mixa, que eu fun decote un home da paz, cabaleiro do meu bordón de pelengrín, tendo por escudo, a sinxela vieira galega e por verdade, a divina verdade d'El señor...

LOURENZO FRAGOSO.

Pol-as circunstancias especiais que son de todos coñecidas, e a aite conmemorativo orgaizado pol-a Comisión Intersocietaria para conmemorar o XIX Cabodano do Plebiscito do Estatuto, deben ser transferido para o día 14 de Xullo. Un numeroso público, que desbordaba o salón de aitos do Centro Pontevedrés, acudiu a demostrar coa súa presenza o entusiasmo e a fé que a nosa colectividade ten postos no porvir da Patria, i-a adhesión permanente que as datas patrias teñen en todos os galegos.

Con fonda emoción foi escoitado o Himno Galego, interpretado pol-o Coro Bretanas e Raiolas, que o público, posto de pé, fechou con unha salva de longos aprausos.

Aberto o aite pol-o Segretario da Comisión Intersocietaria, escoitáronse distintas composicións musicas e ballos nacionais interpretados pol-o coro Bretanas e Raiolas, prestixiosa entidade que, a súa adhesión a este celebrante, desexou sumar expresamente a súa presenza e colaboración para meirande realce do aite. Aos éxitos acadados por este grupo de mozos cultores do noso folk-lore, cabe xunxir o logrado esa noite, cando un público escolto premiu con longos aprausos as fideles e fermosas interpretacións escoitadas. Difícil resulta destacar que parte do programa artístico achou máis garimosa resgancia no público

honrrastes, de nomear un curador pro aite conmemorativo. Non embargantes, contado coa presenza espriteal deste Centro e co agarimo dos seus dirixentes que vos apertan con abrazo fraternal e un "Viva Galiza".

VERBAS DO REPRESENTANTE VASCO

En nome do povo vasco fixo uso da verba o Dr. Pedro de Basaldúa, representante do goberno vasco, quen d'vo garimosa eispresión de adhesión para a data que lembramos os galegos. Dixo que o problema da autonomía de noso povo era un problema de liberdade que atinge por igual a todos os povos e a todos os homes; por elo, como representante do povo vasco non estaba a nosa veira soio por unha mostra de simpatía, senón que viña reivindicando a liberdade do seu povo e de todos os povos e homes que arelan ser ceibes. Refírese a seguido os dereitos que confería o Estatuto e lamenta que Galiza non pudesera chegar a usufructuar o libre exercicio desas liberdades. O povo vasco puido en troques disfrutar a súa autonomía e aínda que elo foi en plea guerra pode afirmarnos —di— que esa liberdade e algo tan valioso que paga a pena de todos os sacrificios para conquistarla.

O doctor Basaldúa finou a súa breve alocución facendo un chamado pa-

MATERIALISMO HISTORICO: MARXISMO

Galiza é unha unidade orgánica que criou unha unidade económica, unha economía fechada, determinante da unidade política da nacionalidade.

presente, pero queremos destacar os merecidos e garimosos eloxios que todos tiveron para os nenos da parexa de baile infantil, que diron a nota máis emotiva e colleitaron as máis quentes aprausadas.

ADHESIONES RESCIBIDAS

Numerosas e fondaemente significativas foron as adhesións rescibidas de entidades galegas do país e do eixtraeireiro, cuja lectura espertou mostras de viva simpatía nos concurrentes. De Río de Xaneiro chegou este cables da Casa Galeguista de Río de liza conmemoración Estatuto Galego'. Os galegos de Nova York fixéronse presentes tamén con este cable: "Casa Galicia Nova York adhirese afevoadamente o aite colectividade galega en Bos Aires pra honral-a data da aprobación do Estatuto Galego'. Tamén chegaron unha eispresiva carta da Casa de Galiza de Montevideo e cables de Ala Galeguista de Río de Xaneiro e do deputado galego Ramón Suárez Picallo.

Entre as moitas entidades galegas de Bón Aires que sse fixeron presentes coa súa adhesión queremos citar especialmente ao Centro Galego de Bós Aires, que mandou unha eispresiva nota e fíxose representar personalmente no aite; as Agrupacións Celta, Galicia e T Aerra, o Centro Partido de Bande, Centro Barbanza, Sociedade de Ordenes, Centro Sanxenjo e Centro Rianxo, da ría México.

Con grandes aprausos foi rescibida a lectura da carta de adhesión do Centro Lucense de Bós Aires, que eispresaba a súa identificación co celebrante nestes patrióticos termos: "E para os lucenses auxeto de particular ledicia testimñar a voste de a os compañeiros, difios representantes dos orgaismos imáns que constitúen a Intersocietaria, a máis afevoadada adhesión nesta data que xunxe a todos os galegos democratas, pol-o seu significado transcendental — con unha gloriosa limpeza — na historia das loitas do noso povo. Niste intre, por causales que xa eispresamos personalmente, non nos é posibel corresponder a xentil invitación con que nos

ra que o povo galego sepa manter accas as súas características nacionais, pois soio así, cultivando a súa propia personalidade pode un povo acadar o doado desenrolo das súas posibilidades e conquistar o posto merecido no concerto dos povos libres.

DISCURSO DO DR. RAMON VALENZUELA

Comenza destacando a similitude de significación entre a data do Plebiscito e a do 14 de Xullo, en que o mundo enteiro rememora a xesta do povo francés, que deu a humanidade os Dereitos do Home e os principios de Liberdade, Igualdade e Irmandade, pilares básicos da vida dos povos ceibes. O Plebiscito era tamén para os galegos o fin do Estado opresor que nos facía languidecer na fame e na miseria, pero é máis importante aínda pol-a súa significación como concreción de anhelos, polo despertar do noso país nos escritos e na acción dos seus grandes persoeiros.

Lembra as xornadas do ano 1936 e destaca como marifidros e labregos escoitaron e comprenderon o mensaxe de redención d-aqueles apóstolos das liberdades de Galiza, que lles falaban no seu mesmo idioma dos problemas que sentían no seu mesmo cerne. Cal díxera o poeta, "Casta dos Celtas es perta axiña", o mandado prendeu e a mocidade galega da universidade

"Unha nación é unha sociedade natural de homes e de língoa que aceita unha "comunidade" de vida e de conciencia social".

MANCINI.

veu rente do seu povo a labrar concencias, como labradores que queren traballar os seus eidos, sin donos estranos nin caseiros a medias.

Nós somos homes con alma — di — e queremos que os nosos fillos nos respeten como país e que adeprendan a respetar a nosa caste, a querela e veneral. Que dende menos impriman no seu corazón a reverencia pol-os anter-

Homaxe a Fiz Fernández

O día 15 do corrente mes, no casal do Centro Betanzos, foi agasallado coa cea de despedida de solteiro, o Dr. Fiz A. Fernández. A devandita cea, orgaizada pola Irmandade Galega, en honor de quen como o Dr. Fiz Fernández, sabe renderlle á nosa patria as nobles inqueñanzas do seu espírito selcito e idealista: contou coa presenza do máis caracterizado e representativo do galeguismo de Bos Aires, e nela puxéronse ben de manifesto as fondas simpatías con que conta o agasallado, es cantos teñen a sorte de tratalo e cultivar a súa

amistade. Trascorreu o agasallo nun ambiente de leda rexouba, onde ermpou o bo humor dos concurrentes, e se fexeron sinceros votos pola felicidade do Dr. Fiz Fernández na nova vida a enzar.

Ofereceu o agasallo o irmán Avelino Díaz, que con verba xusta e precisa, puxo de releve os moitos meritos do agasallado, e brindou pola felicidade a que se fo' merecente; respotando o homenaxeado con emocionadas verbas de agradecemento a vidozolos presentes.

gos que denantes do tempo cristián se sentían como anacos do sol, da lua, dos montes ou do mar, con aqueles que nos séculos XI e XII levaron ao mundo enteiro a frol do arte románico e a poesía lírica máis fermosa de ningunha civilización. Nós somos homes con alma e queremos que os nosos fillos coñezan como a nosa Terra foi culturalmente cabeza do mundo cando era ceibe, e que adeprendan a querela así, ceibe, para que a volten a ver orgneita e difia. Pensando en galego, para que Galiza teña letras, pintando en galego, para que Galiza teña pintura e falando en galego para que Galiza teña galegos.

Queremos a Galiza unha terra farturanta e non un asilo. Unha patria mirando para adiante, sorrinte, creadora. Non unha provincia que vida de caridade, mirando ao chan porque as estrelas están escurecidas.

Refírese as características de Castela e destaca a súa tenacidade, que a aínda chega a trocarse en terquidade ou toleria. ¿Qué saír gañado — pregunta — ese povo conquistador de grandes proeicións, descendente de dereito de godos e mouros con ter a súa veira o Condado de Barcelona, o señoría de Vizcaya, o reino de Navarra e o reino de Galiza? Sinxelamente, penso que Castela perxudicouse tanto como cataláns, vascos e galegos. Eramos tres povos distintos racial e xeográficamente, con distintas maneiras de enfocar a vida. Non fíxemos máis que estorbarnos.

A verdade é que con Castela hoxe temos sementes un problema en común, que é o problema dunha ditadura suxa, crúel e incivil. O único problema serio que tivemos en común a través dos tempos, e canto máis se mira, máis comprendemos que a súa compañía non nos vale de nada para resolvelo. Xuntos tivemos unha longa serie de guerras internas que galaron sempre os militares. Xuntos tivemos outra serie de guerras no exterior, que sempre perden o Estado Hespañol. O mestor das guerras non é dabondo para estar xunxidos. Unha nación non é un exercito, é un ter que facer un común, é un destino colectivo, como di Ortega, é un plebiscito diario. O destino de Galiza está sementes nos galegos, nos que viven en Galiza e nos que andan pol-o mundo pensando nela.

Refírese derradeiramente o recurdimiento da nosa literatura, da nosa música e do noso arte, que están acadando proeicións universaes. Esas cousas —di— son as que nos dan nome no mundo e señorío diante dos mesmos. Son as que sempre nos impideu facer o Estado Hespañol e son as que temos de facer sin eles ou contra eles.

DISCURSO DE ALFONSO RIOS

Feclando o aite fixo uso da verba o Segretario do Consello de Galiza, que o agradecer os conceptuosos termos do discurso do representante vasco, puxo de manifesto a comunidade de problemas e intereses que abranguen aos povos catalán, vasco e galego.

Destaca a falta de sentido da orgaización centralista do Estado Hespañol, que non soupo acadar a inte-

gración das catro nacionalidades que e compoñen. A historia pon de manifesto as consecuencias desastrosas desa falta de integración e as catro nacionalidades que púderon acadar grandes realizacións nun conxunto armónico, non fixeron máis que estorbare, impedir a búsqueda dun ideal e dunha angueira que fora o gran motor de cada un deses povos.

O intento absurdo de impor ao povo galego un ideal estrano ao seu sentir — manifesta —, ese empecio en despozoizato, de anuado impedíndolle o uso do seu idioma, non poder ter máis resultado que facer dos galegos un conxunto de parias espriteales, condenados tamén a unha miseria material.

Fina a súa disertación eispresando a súa fe no porvir de Galiza. Nunha integración racional do Estado Hespañol. Galiza levará o seu valioso aporte a través do cultivo da súa propia personalidade. Ese será o día feliz do noso povo, seguro do seu destino e do seu futuro, en que orgneite e orguloso verá compracido o que é capaz de facer para si e para os de-

De Ramón de Valenzuela

ESTAMPAS

AS INQUEDANZAS DE IDACIO

Cando o bispo de Aquas Flavia escribiu o seu Cronicon via chegar, coma en descomunal bandada, nos catro xinetes do Apocalipsis. Idacio estaba espantado, prendido de terror ao saber a súa terra invadida polos cabaleiros (cabaleiros no senso de homes de a caballo) que domliaban como lóstregos as duras e ben mantidas bestas. Hal bagoas no cronicon.

Galiza era nos anos derradeiros do século IV unha provincia do Imperio Román como era Bética ou Lusitana ou Tarraconense. Logo era, pra aqueles tempos unha cidade importante; tan importante como Braga e mais que Ourense, Tui ou Braganza. Santiago aínda non nacera.

Galiza vivía a súa vida principal nas aldeas e non nas cidades; porque aínda que os castros criaban herba nos cumes conservaban esa forza centrípeta que cantivaba aos nosos antergos. Enriba dos castros, a nova fé, edificou hermidas e santuarios; alzou cruzeiros de pedra e de pau; pero non puido evitar que a vella fe seguiría mantendo, penetrada con todo isto. Lestendida polos cidos e na mornia dos fogares, unha verdadeira sintonía de trasnos, meigas e fadas.

Os suevos que vivieron en fatos no ano 409 arremeteron a sanue e lume contra das cidades galegas. Non era un povo invasor, era sómente un exército invasor, con unha forte disciplina e una xinnasia de conquista. Trafan un pagamento raciaalista que cambearon logo por un arrianismo secreto.

O acervo cultural dos conquistados era mol superior. Estaban compenetrados con aquela terra que manda na xente; aquela terra que identifica con ela aos seres humanos, e pouco caro lle custou aos celtas dixerir aquela mancha de intrusos. Dos suevos, como lembranza temos a primeira monarquía galega que durou sementes deica Leovigildo. En troques, aquel sentido galego e aquel xeito de ser dos galegos, aínda vive hoxe.

Quen sabe porque choraba Idacio no seu cronicon; se pola herexia ou se porque devastaban vidas e facendas. Pode ser que sentira aínda mais a caída do Imperio Román. Tal vez vía derrubada unha civilización sen saber que as civilizacións non morren nunca, fan casiros en outras civilizacións, pero non morren, e menos a máns da barbarie. Prisciliano era mais galego que

Idacio. Amou a Galiza nos seus homes, nas suas carballeiras, no sustrato ancestral da tradición druídica. Prisciliano era da aldea e non da vila. De vivir sempre en Galiza, quizalvés chegaria a integración e cristalización de unha nova Teoloxía, menos herética que do que zuzgaron no concilio onde o condenaron. Non eran galegos os xueces, polo menos galegos de lei. San Martiño de Tours foi o prelado que mais o chorou, o único que o chorou valentemente, pero San Martiño era francés, celta como os galegos, era un crego con caridade.

San Martiño andaba as corredoiras da Terra mostrando no corazón a chaga que lle producira o cimén da Porta Negra. San Martiño foi amado en toda Galiza e chegou a coconvertir ao cristianismo ao propio rei dos suevos. O propio rei dos suevos que en aquel devaamar dos anos xa se estremea cando atravesaba unha carballeira na ina de forza de Agosto.

LIVROS NOSOS

"ADVENTO"

DE MANOEL MARIA

No caos deste mundo noso, irremediavelmente perdido, que non quer dormir na historia das súas vicisitudes sin esgazamentos crudes, tamén ten naufragado a leda inexleza da xuventude, gracia e riso da humanidade. Pola contra, a precocidade anguriosa da nosa época, ceceís teña as raíces na presente descomposición dos xeltos seculares de vida, co seu romal traxico de sangue e morte que todo o sulaga e trastoca. Así, o grave e angurioso, denantés xeralmente cualidades propias dos espíritos maduros. Lesceílicos, medran agora nos corazóns e nos espíritos mozos unha vigorosidade inusitada.

Esta observación — ceceís repetida até a fartura — ten valimento ao enxulciar e tratar de ubicar a poesía de Manoel Maria, o rapaz de vinte anos autor de "Advento". A precocidade anguriosa de Manoel Maria non sementes é, en parte, — hai en "Advento" una anguria dentro orfex, e aínda un tón anxélico, como xa veremos — causada polo refreixo da desintegración deste mundo noso, senon que o mesmo poeta se encárrega de darnos dele a súa radio.

grafia esceccionalmente patética. Si a imaxe traxica do noso tempo fica fidelmente apreixada nunha serie de poemas — libro segundo — que culmílan no "Poema do home disgregado" e finda nunha visión apocalíptica, d'outa fantasía poética, na composición "O día derradeiro".

A esa anguria do destino terrible da humanidade concorre unha inmensa dor galega: a dor da conciencia da nosa personalidade. A conciencia galega é arela de orgueza e difinición. Ela érguenos na íntima condición de número, a calidade distinta da personalidade. E unha necesidade para a vida do noso espírito. Mais, conveñamos, supón unha dor irreparable. O solo feito destruíber un libro galego é dor da nosa conciencia galega, porque denantés o autor vivo que conquerra. Logo, si que sendo unha conciencia sin liberdade e d'ende antergo silenciada. A conciencia galega podémola ollar con caracteres de fogo no ilustre retrato da nosa lirica. No coñozo xurda confundida con ela; foi o surda poesía mesma. Dimpois veladamente, foi as betas novas que lle abriron a esta asroitas da súa gloriosa pervivencia. Deste xeito, a topámola na anguria criadora de Manoel Maria, Laina do corpo ínteiro n'algún poema, coma no belido "Versos dunha tarde amara".

Cebado o espírito do poeta é mestar descubrir, no libro de Manoel Maria, una proxección d'outa poesía ecuménica, xurda dunha ocasión — ogallá non se malogre — íntima e persoal. Unha poesía señardosa d'anguria cósmica. Aquela que se debate e carcome en loita dramática fronte as potencias invulnerables: a conxunción vida-morte, o finido e o infindo, o conturbante e lo esencial. O poeta arriba aos ámplo máxico e real das esenciais e desátase que as verbas ali carecen de difinición, pois elas foron creadas no mundo irreal das aparencias e dos sentidos. Mais o poeta tamén sabe que é preciso valerse delas xa que outrás non hai. O "orcereo trascendente co esencial invisíbel, realizo cos elementos fraternais da alma e a paisaxe galega. Lembrou, brillada no seu íntimo misterio, dónos unha poesía emocional do espírito, plea d'anguria ou serea melancollia, de resonancias e suxerencias humanas, cebada así, polo seu fondo senso d'artista, da fría astracción matemática e simbólica da poesía pura.

Develar un misterio poético desta natureza, é sempre tarefa compro-metedorra e arriscada, senon imposible. Pois como chegar a tensión íntima do espírito, ao íntro da intución criativa no cal xermea? Mais, ao lector, ficante de cote as suxerencias que na íntimidade do seu espírito ergue esa obra de arte

zante e coutadora, de que en todo íntro, ven sendo vítima a nosa Terra, de parte dos orgaismos de mando, que non de goberno, do Estado centralista que, na sua teima de estruchar o sentir nacional noso, e impornos o alleo, non repara en botar man dos máis bárbaros e crudes meios, de que dispen como réxime de forza e tiranía.

Apos da bárbara "cruzada libertadora", unha de culas principais premisas, era a de afozar en sangue o rexurdir da cultura diferenciada de Galiza; poído temerse, que a desatada foula de terror, ramata, ría cos illados intentos de reconstruír o noso patrimonio cultural, que algunhas beneméritas institucións teimaban levar a cabo. A cultura galega, con unha Universidade allea, inda que funcione no patrio chan. Sin o Seminario de Estudos Gallegos; destruídas as patrióticas editoriais que como "Nos", tanto laborou polo coñecimento das nosas particularidades nacionais; coa Academia Galega, impedida a súa

Lespécifica misión, ficaba orfa de todo apoio e afincamento. Os nosos poetas, escritores, artistas; seguirían desenrolando o seu labor seguindo os canles da cultura oficial; o cal resultaba mais doado e de mais persoales proveitosos resultados.

Peró eis elquí, que o xenio creador da nosa raza, non podfa resistir, se a inoperancia conformista, a que e sometido; e reflexándose en ercente progresión; aos países celbes de América; soupo orgaizar insuperables institucións mutualistas e patrióticas, as que, coscentes na outa e honrosa misión que lles toca cumprir, na moderna historia de Galiza, erguéronse en abandeiradas do noso rexurdir cultural, enchendo con xerarquia e difinidade, o valdeiro que supón pra o renacemento do acervo espiritual galego, a falta de todo orgaismo estimulante e curador.

Cábelle ó Centro Galego de Bós Aires, e como consecuencia a toda a nosa coñectividade, a gloria de ser a entidade reitora, do manífico atomar que se enverne na moderna cultura de Galiza, a que non podía ter mais fidel e mar terio padriño dos seus outros destinos. A Galiza ideal, como difo Castelao. A Galiza creadora e celbe, enteirada por xentes de toda condición social; cumprindo con proveitosa eficacia o seu patriótico deber. E, proba dele, son os ataques que de cote lle dirixen os nosos nenicos, representados en moitos casos por galegos mengoados de espírito, e de galega difinidade.

Peró a labor cultural do Centro Galego de Bós Aires, e a toda Lestimada dende a Terra, coa xusta apreciación e trascendencia que constitue pra o porvir da cultura nosa, e proba dele, a un mensaxe de recoñecemento, de estímulo e de gratitude, que nos derradeiros días fixeron chegar ó Centro Galego a cásiene totalidade dos nosos intelectuales. Este feito, sin precedentes na historia de Galiza, e o meirande honor a que podía aspirar, non sementes o Centro Galego, senon a coñectividade toda, tan difinidamente por el representada; porque a iste histórico documento, testemuño de esforzada fe no porvir da nosa Patria, dánlle o máis onto valimento as firmas de tres xeracións representativas da nosa cultura, entre as que se destacan as de: Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Casas Fernández, dona Cal-Murguía, Gómez Román, Domingo García Labell, Leandro Carra Alvarez, Angel del Castillo, Martínez Hisco, R. Martínez López, Eol Carballo, Sebastián González, Fermín F. Penzol, Ferro Couso, Fermín Bouza Brey, P. Casado, Ramón Baltar, Be-robo, Carballo Calero, Luís Pimentel, Novo Neira, Manoel Maria, Cesario Laco, Ferro Couso, Ramón Piqueiro, V. Paz Andrade, Florentino Cuevillas, Joaquín Lorenzo, E. González Salgado, Manuel Pena Rey, Faide Gago, F. Fernández del Riego, Darío Alvarez Blazquez, Bierto Fernández, Luís Illa Comto, Rafael mundo Vidal Pazos, Carlos Masida, Vales Villamarín, Juan Naya e mol, nos outros que faguerían interminabel ista ringleira.

MORREU COUCEIRO FREIXOMIL

Coa morte de D. Anton Couceiro Freixomil, acontecida de rradieiramente en Galiza, perdé a cultura do noso País un dos seus máis brillantes paladinos.

Couceiro Freixomil, deixalle a Galiza unha requintada obra nos diversos aspectos da nosa cultura que, con ser de grande méritos toda ela, abundaria para xerarquizala o Estudo enco do Idioma Galego, e o Diccionario Bio-Bibliográfico de Escritores Gallegos, que sementes a tenacidade e amor a Galiza de Couceiro Freixomil podían haber levado a cabo.

VISITA DA IRMANDADE A DOÑA VIRXINIA

Como acontece todo-os anos, o se faer cargo unha nova Comisión Directiva; a que atualmente rixe os destinos da Irmandade Galega, como primeira misión do seu labor; fíxose presente no fogar que foi do noso guieiro Castelao; onde a súa difia compañeira, doña Virxinia P. de Castelao, ten convertido nun santuario no que se venera a súa lembranza. Como de cote a cordial e garimosa

simpatía de Doña Virxinia, acollen os irmandeiros que concurriron a saudala e presentarlle os seus respetos, co galanteo e fidalgo agarimo que lle é tan propio.

Doña Virxinia reciben neste íntro, o testemuño do sincero afecto que exerce nos sentimentos dos irmandeiros pros que tuvo verbas dalento e votos de esito na patriótica e honrosa misión a levar a cabo.

Noticias do Brasil

Por un erro de prelo, que escapou a revisión dos traballos denantes de imprensar o periódico, no derradeiro número de A NOSA TERRA omitíuse o nome do señor Jesús Juiz García como un dos oradores que tomaron parte no aite que a Casa de Galiza de Río orgaizou o día 7 de xaneiro en conmemoración do cabodano do pasamento de Castelao. Desexamos deixar salvado así ese erro, que lamentamos, e facemos chegar de novo as nosas felicitacións a Casa de Galiza pola orgaización do devandito aite.

Esta mesma entidade prepara tamén unha grande celebración do Día de Galiza, con unha conferencia alusiva a dita nacional e a edición dunha revista que recollirá as inquedanzas dos

de Río, encol dos problemas da nosa Terra e do seu rexurdir nacional. Na súa preparación está a traballar activamente un galego exebre i-entusiasta como é Xerxio Gómez, home múltiple que sinte fundamente os problemas da Patria e que sabe transmitir o seu entusiasmo e as súas conviccións a cantos traballan a súa veira.

Nos outros vemos con fonda simpatía a intensa labora que ven desenrolando Casa de Galiza de Río, entidade de prestixiosa traectoria que pronto ten de acadar un lugar preeminente no movemento galego que en terras de América loita por conquistar para Galiza condicións de vida máis difias e as bases necesarias para o seu desenrolo integral. Para os homes que con Xerxio Gómez están a espallar os ideais da redención da Patria, te-

mas, as máis cordiais felicitacións.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Depoetas insensatos, forzá, forzáde grilos. Pode oprimir o ferro. Un corpo enfracado; Mais as nobres ideas. E gloriosos instintos... Beses, non pode non o duro ferro. Nin a morte extinguiúta.

EDOARDO PONDAL

Año XXXIX — Núm. 496

Bós Aires, Xuño de 1955

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

FIESTRA á TERRA

O PROBLEMA EMIGRATORIO

Con verdadeira insistencia véñense referindo os xornales galegos ó grave problema económico social que constitúe pra Galiza, o éisodo emigratorio da súa poboación rural e marítima.

Moitas son as opinións que se espoñen encol disde endémico problema galego, en algunhas das cales, parés apontar unha intención de afondar nas razóns de que remanece... Pero non sabemos si é pola falta de liberdade pra poder faguer un craro análise da custión, ou por ignorancia dos seus fundamentos; o certo é que se retorcen tópicos, ensáianse teorías, algunhas absurdas e trabucadas, empréganse moreas de verbas i o povo sigue e seguirá emigrando.

Nos, xentes do povo, emigrantes por necesidade, millor dito, por mor de factores alleos

O PORTO DE VIGO

Novamente véñense insertando nos xornales de Galiza, noticias encol do porto franco que se proieita construír na ría de Vigo. Fálase de cateos das ribeiras, de sondeos das augas e de outros traballos a prol da realización do proieito devandito.

Poderán algún día os nosos netos ver cumprida esta xusta aspiración galega?

Nos, —e perdónennos os outimistas o eiscepticismo que anos tramos— coidamos que e stá lonxano este día; porque inda que o porto de Vigoe a porta natural de Europa, pola falta de comunicacións terrestres axetados, carés de "Hinterland", que si exceptuamos o movemento de pasaxeiros, a entrada e saída de mercancias e cáseque nula; non garda a máis pequena relación coa importancia dun porto tan eiscepcionalmente doutado pola natureza; e pra de

A nosa vontade; sabemos moito máis sobre do tópic emigratorio, que todos os que ceçais con mal boa intención teorizan sobre diste problema. Sabemos por edemplo, que iste mal —sin lle descoñecer gravitación a diversos factores— é fundamentamente de ourixen económico. Sabemos tamén, que samente procurandolle á nosa poboación axeitados meios de vida, nun rexime de xustiza e liberdade, poderá defenderse a corrente emigratoria. E sabemos máis. Sabemos que isto soio será posible, coa recuperación política da nosa Terra, proporcionándolle os instrumentos de goberno de que ten mester pra reestruturar a súa economía, e todo o seu patrimonio cultural, social, xurídico, etc. Eis ahí a razón do mal e soio ahí temos que lle buscar a lóxica solución.

mostrado mais doadamente imos recurrir as cifras que o xornal Faro de Vigo, oferecenos tocantes as operacións de carga e descarga no derradeiro ano de 1954.

Barcos entrados do eisterio 561. Tonelaxe de arqueo 2.353.869, Mercancias descargadas 158.713 Tm, Mercancias eisportadas 27.250 Tm.

Cabotaxe: Entraron 770 barcos que descargaron 139.118 Tm, cargando eiquí 53.133 Tm.

Como podemos enxerguer distes datos soio xairon pols porto de Vigo o derredeiro ano 27.250 Tm. de carga con destino o eisterio namentras o número de pasaxeiros embarcados no mesmo período foi de 31.873.

O porto de Vigo como todo los portos galegos conqueiran real importancia económica cando a economía galega poida desenrolarse sin tuelaxes elias que coutan a seias normal desenvol vimiento.

MAISIMAS MINIMAS...

Pre nós a idea da raza non se basamenta na morfoloxía antropolóxica, senón que máis ben abrangue o conxunto de tendencias espirituales que nos levan a unha conduta psicolóxicamente distinta d'outras comunidades ás que si ben respetamos como grupos sociais, coidamos non sementes ser o seu remedo no orde cultural.

O galeguismo como doutrina patriótica do noso povo, non sementes e necesario coñecelo intelualmente. Hay algo máis, é necesario sentilo ca emoción necesaria pre o saber defender aínda diante dos sofistas da política. Así o noso povo terá a verdadeira conciencia da súa misión e sabrá alimentar roxamente a loita en que está definido.

O galeguismo ten a responsabilidade de crear unha doutrina nacional dada a súa continuidade histórica pre poder nos intres de desorientación popular que enxendran as tiranías políticas, servir de amalgama reconstitutora da nosa nacionalidade. N-unha verba, ten que preparar a o povo pre esté permanentemente ca mesma causa d'acordo ca súa personalidade colectiva.

A loita por manter xerarquia da cultura galega ten unha finalidade política; posto que as escasas posturas antigaleguistas debense eiscepcionalmente á falta de cultura galega.

A o chegar a este mundo atopamos nun currunchi d'España con "características rexionales propias". No intre da partida aspiramos a delxar "unha Patria" mais xusta, mais libre e mais galega.

FIZ FERNANDEZ

ORIENTACIONES

Unha Gran Laboura Que os Centros Debian Tomaren ó Seu Carrego

Por Moisés da Presa

En tempos pasados, eu pra sermos máis precisos, perante a monarquía, as numerosas sociedades galegas creábanse na emigración, o redor d'un estatuto: Mutualismo, cultura e recreo; e cun fito fundamentalmente humano: recadaren cartos pra amañar unha fonte no lugar, facer un camiño veciñal, ou colocar un gran reloxo que fixera soar no val armoñosas badaladas o abrente, chamando os labregos, o traballo cotián, e nas cobzosas e ladas horas do xantar e da merenda.

Pro o fito máisimo, constituían a escola. Fundar unha escola na aldeia onde os nosos fillos recibiran unha instrución doada; aquilo que a nós nos fora negado. Era este o soño dourado das Directivas das nosas pequenhas e animosas sociedades comarcáis, cobrindo deste xeito, o abandono en que o Estado hespañol tivo decote a nosa Terra. Mais veu a República e con ela chegou a escola, anulando así o fito das nosas sociedades nese senso. Máis tarde, coa caída da República produxose o estrangullamento das nosas máis caras ilusións i espranzas encol dun goberno galego autónomo.

nas portas do falanxismo hespañol e, como consecuencia desta traxica situación do noso povo, a ruptura de feito, co réxime que asoballa a nosa terra.

Porque esta é unha altitude que nos honra como galegos e democratas que, dende a caída da República, as nosas xentes i entidades, grandes e pequenas, refugaron enerxicamente toda relación coas autoridades falanxistas.

Até eiquí, debemos decir que, as nosas institucións cumpriron un ciclo, ou millor: pecharon unha xelra. A guerra civil hespañola, déulle a medida da forza o traveso da unidade.

As pequenas sociedades comarcáis, fanado o fito do camiño veciñal, do reloxo ou da escola, foron ollando craro na súa acción a prol de realizacións futuras. Estábamos acadando a maioría de idade, encetándose así, unha política de unión cara a melrandes e trascendentais que faceres galegos. E' por elo, que axiña tomou corpo a necesidade de unímonos por provincias, xurdindo os Centros provinciais, sendo esta a creación máis trascendental na vida da colectividade galega de Bós Aires.

A este respecto, c'mprelles os ourrensais o outo honor de seren eles os primeiros que encetaron ese movemento de unión galega que o tempo, estamos seguros, acingulará nun gran Centro Galego Cultural e Recreativo.

Máis isto xa é falar en futuro pro un futuro que, digase o que se queira, xa está en proceso xermolativo e o cal temos de chegar. E'lo só é cuestión de tempo, de madurez.

Hoxe, os Centros, están na fase evolutiva, de construción, ou, máis ben diríamos, de afinamento económico: problema da casa propia e do campo propio, cousas estas moi lóxicas. Os socios teñen mester de feitos concretos traducidos nun mínimo de comodidades e cen máis eficiente que a casa propia e o campo. E nada máis?

Si, hal máis. Leste máis e Galicia e o seu povo. E non esquezamos nin por un só intre, que cada so. cio dos centros, cada galego emigrado; é parte dese povo o que fai, que decote pensemos nele e que nos sintamos grandes ou pequenos, o traveso das nosas propias realizacións acaron da Pátria Galega a cal, temos a obriga e o deber de honrar e ren millor neste caso, que abocándonos a un quefacer patrió-

tico que estexa, naturalmente, o noso alcance de realización

Ben sabemos, que o Centro Galego está a realizar unha trascendental obra patriótica a prol da nosa cultura o traveso da súa Comisión de Cultura, referida en concursos literarios e publicación de libros galegos, e os catro Centros provinciais, ou, pra millor, os seis Centros, (xa que temos de eugadir nesta tarefa o Betanzos e Corcubión que, si ben non representan a unha provincia, acadaron un notabel desenvolto tanto no orde cultural como no patriótico) deben abocórense a labours patrióticas e culturais que estexan de acordo coa súa significación e responsabilidade.

E' imos ó asunto. Pra ninguén é un segredo o abandono total en que se acha o noso riquísimo folklore nacional. (Referímonos naturalmente as gravacións). E' tal a desidia e o abandono a este respecto que, en Bós Aires — e coidamos que outro tanto ocorre na Terra — é imposible de todo punto de vista, achar un disco galego.

Dá mégoa decillo, mais dag nosas

Lea e suscribase a "Galicia Emigrante" A Gran Revista Galega de América T. E. 27-4311

ledas e fermosas mullerías, ribeiranas, alalás, canto de pandeiro etc. ademais das bellidas canto delicadas melodias que configuran un dos folklores máis ricaxes do mundo nada hal gravado e o que se gravou está esgotado, se non repuxo. Leste abandono ponse máis de nota, se consideramos a notabel predisposición do home galego pro canto, manifestada na creación tanto na Terra como na emigración, de masas corais que son un eispoente do noso folklore musical.

Desmais está decir as angurias que pasan os directores de audicións radiais galegas para poderen ofrecer o público música nosa. Cada gravación é unha xola, cuas diríamos un incunabel un exemprar único que al que coidar ciumosamente.

Nas Jornadas Patrióticas Galegas organizadas polo Centro Galego de Bós Aires, lévanse estrenado —ex-

Para os que din que o idioma galego non ten gramática

Todo idioma, aínda o que non se escriba, posúe normas e regras constantes que sigan as xentes que o fan para combinar as súas verbas en frases e outras construcións lingüísticas. A miúdo esa estrutura é tan complicada e tan regular como a de calquera outra lingua de uso mundial. En realidade, coidamos que non hal ren na estrutura de calquer lingua que lle impida tracarase nur medio axeitado de espallamento da civilización moderna.

UNESCO — Empleo das linguas vernáculos no ensino — páxina 52.

cutadas por eiscelentes orquestras — varias sinfonías galegas de verdadeiro mérito, premiadas en concursos musicáis desta institución, entre elas, unha do gran músico arxentino Juan José Castro, mais que nos seipamos, ningunha se gravou.

E' faguendo memoria, que se levo o disco do eiscelente coro galego "Lembranzas d'Ulreyra" dirixido polo malogrado poeta e musicólogo tudense Manoel Prieto Marcos? Qué do máifico quarteto vocal dirixido por Emilio Pita, entre outros que sería longo enumerar?

Non deixaremos de louvar a máifica labor neste senso, da Coral Galega "Terra Nosa" do Centro Ourense que, dirixida polo eisímio músico arxentino Isidro Malatagní, labrou un album de cancións galegas que constitúe un notabel eispoente do noso folklore nacional e un fermoso antecedente pra esta meritória institución. Máis algúmos; lo; tamén estes fermosos albums están esgotados...

Si consideramos que a música é unha das máis delicadas e caraltes, estíctas manifestacións da alma d'un povo, é un pecado de lea pátriz este inesplícabel abandono.

Hal que facer de xeito que o disco galego se faga presente en todas as entidades da nosa colectividade e nas audicións radiais galegas que ven sendo a millor maneira d'espallar e facer coñecer a nosa música a propios e alleos e, fundamentalmente, que chegue o fogar galego, pra que os nosos fillos coñezan e se familiaricen coa nosa música, que ven sendo un xeito moi fermoso e positivo de facer pátria.

A todo isto, coidamos sinerámente que esta non é obra de ros máns si se toma con cariño e dedicación. A parte económica coidamos que se resolvería doadamente o sen sarrefizo pecuniario algún pra as entidades realizando un festival anual en conxunto que ben podía sere un gran ato musical galego nun teatro, coa participación dos nosos coros, parellas de bailes, recitados poéticos, etc. Sería esta unha gran festa do folklore galego que moito prestaría a nosa colectividade.

No que respecta a parte executiva dos gravacións, a comisión encarregada é feito, tería de porse en cam. festación musical galega aínda de paña pra gravar eiquí toda man. mérito e, facer chegar da Terra a maior cantidade posible de discos, regravando aqueles que estexan esgotados; e pra o efecto ren millor que porse en contacto coas casas de música e masas corais do noso país. Cumprido este plan, ademais da venda que realizarían os Centros, estaríamos en condicións de surtir de gravacións as casas de música portegas facendo chegar deste xeito a todos los fogares galegos e de paso o gran público arxentino o noso riquísimo folklore musical.

Teñen a verba as autoridades dos Centros.

O sectarismo de 'Clarín'

(Ven da páxina 1)

resulta un promedio de máis de 195 nenos para cada clase... Verdaderamente, señor Lucero, están apañados os mouros se a ese paso pensan chegar a estar "maouros" para esa independencia que vostede les regala graciosamente, sin permiso de falanxe...

Os señores de Clarín deberan por un pouco máis de cuidado cando queren falar de política internacional. A menos que "Clarín", en lugar de querer ser unha voz de alborada que leve a verdade aos seus lectores, prefira priatos coñecidos para meterllos gato por lebra.